



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Portos
de Galicia



Salida: 2017003239 Data: 07-02-2017 11:04
Tipo: Notificación

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A - 6º
Teléfono: 902 400 870 - Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos
de Galicia

ASUNTO: resolución sobre solicitud de acceso a información sobre memorias xustificativas das contratacóns realizadas por Portos de Galicia nos anos 2015 e 2016 á

Solicitante: .. Expediente: TBG 02/2017.

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Obxecto da solicitude de acceso.

O 28.01.2017, se recibe nos servizos centrais de Portos de Galicia escrito de no que solicita información sobre memorias xustificativas das contratacóns realizadas por Portos de Galicia nos anos 2015 e 2016 á. Fai constar como motivación o estudio de posibilidade de emprender accions legais contra os proveedores por apropiación indebida e posible estafa.

Segundo.- A partir da referida data empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

Primeiro.- Marco normativo xeral do acceso á información pública.

1

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluidos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións".

O preámbulo da Lei 19/2013, do 9 de decembre, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

Non en tanto, o exercicio deste dereito de acceso a información pública ten limitacións no seu exercicio e así a Lei 19/2013, do 9 de decembre, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de non admisión do artigo 18 desta lei.

En definitiva, en principio, a lexislación aplicable ao dereito de acceso a información pública ven configurada pola Lei 19/2013, do 9 de decembre de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores e a Lei

Solicitante:

Expediente: TBG 02/2017. resolución feb.. 2017



Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

Segundo.- Marco normativo especial. Regulacións especiais de dereito de acceso.

Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, establece que:

1. *La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los documentos que se integren en el mismo.*
2. *Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.*
3. *En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización.*

Terceiro.- Identificación suficiente da información pedida. Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento.

Identificación suficiente da información pedida:

A petición aparece debidamente identificada polo que non resulta preciso o trámite de concreción de solicitude previsto no artigo 19.2 da Lei 19/2013.

Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento:

A Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, dispón que a normativa reguladora do correspondiente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren neste.

2

Conforme a disposición transitoria terceira apartado a) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACPAC) os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeránse pola normativa anterior.

Tanto o artigo 31 da lei 30/1992, de RXAP-PAC, como o artigo 4 da Lei 39/2015, de PACAP, no que aquí afecta, considera interesados no procedemento administrativo a:

- a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.
- c) Aqueles cuixos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva

Establecido o anterior, tendo en conta o contido desta concreta solicitude na nosa opinión é non ostenta a condición de interesado no procedemento de contratación, porque non aparece que pretenda atacar o proceso de licitación senón dereitos de propiedade intelectual propios fronte aos proveedores adjudicatarios destas licitacións.



Cuarto.- O acceso á información e aplicación de eventuais causas de inadmisión e/ou de limitación.

Como ten reiteradamente establecido o Consello estatal de Transparencia e Bo Goberno, CTBG, a LTAIBG reconoce en su artículo 12 el derecho de todas las personas a acceder a la información pública, entendida, según el artículo 13 de la misma norma, como "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones. Tamén ten establecido que tal derecho de acceso non é legalmente ilimitado senón que existen restricións que non operan automáticamente.

Causas de inadmisión:

Aínda que un contrato administrativo, neste caso cualificado como menor implica unha relación de trato sucesivo, o expediente de contratación debe considerarse terminado en canto dito procedemento implica unha resolución que legalmente pon, aquí puxo, fin á vía administrativa e contra da que non cabía outro recurso que o contencioso administrativo agás o previo e potestativo de reposición. Non se aprecian tampouco outras causas de inadmisión do artigo 18 da Lei 19/2013.

Limitacións de acceso:

As limitacións de acceso sinaladas na Lei 19/2013 deben interpretarse restitivamente e non operan automáticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aso contidos, senón que terán que aplicarse o test do dano, analizando se a estimación da petición supón un prexuízo concreto, definido e evaluable, e o test do interese público, en canto a existencia deste interés que xustifica a desestimación da petición de acceso. Todo esto aplicando as limitación dun xeito xustificado e proporcionado en función das circunstancias de cada caso concreto. E así se ten indicado no Criterio Interpretativo CI/008/2015 da Comisión de Transparencia e Bo Goberno da Administración Xeral do Estado.

3

A este efecto, cómpre partir de que a documentación pedida se enmarcan dentro dun procedemento de contratación pública, que imperativo da normativa aplicable se somete a publicidade e transparencia (artigo 1 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 novembro). Os datos relativos a obxeto, prazo, prezo, adjudicatario, etc. son públicos por imperativo legal e non se constata que existan datos de carácter persoal (nin identificativos nin moito menos especialmente protexidos). Tampouco consta neste intre litixio sobre os expedientes de contratación dos que se solicita acceso ás súas memorias xustificativas

Agora ben, neste caso considerando a motivación da petición de acceso en canto a estudo da posibilidade de emprender accións legais contra os proveedores de feito que como xa dixemos da petición do solicitante non se infire que pretenda atacar o proceso de licitación senón que entendemos que pretende facer valer dereitos de propiedade intelectual ou sémellantes fronte aos proveedores adjudicatarios destas licitacións.

Do anterior entendemos que non se está ante accións de transparencia e rendición de contas derivada desta, senón ante un interés distinto, cal é obter a exhibición de determinados documentos relacionados con materias ou posibles probas a esgrimir polo aquí solicitante de acceso á información, como parte dun futuro proceso xudicial relativo á defensa do que considere bens propios. Acceso que afecta aos terceiros proveedores en canto a igualdade en procesos xudiciais.



Neste sentido entendemos que a petición formulada incurre nun dos supostos de limitación do artigo 14 da Lei 19/2013. En concreto no uposto da letra f) *La igualdad de las partes en los procesos judiciales y la tutela judicial efectiva*, deste artigo 14.

Debe decirse tamén que o aquí solicitante ten unha vía xudicial xeral en defensa do seus dereitos e pretensíons cal é a prevista no artigo 256 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, que regula a acción xudicial de exhibición de documentos. Conta tamén con vías específicas similares por razón da materia como son, os artigos 129 a 132 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de Patentes e o artigo 36 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal.

Accións todas que, xa en sede xurisdiccional, poñen no foro axeitado o control da *igualdade de armas* e da tutela xudicial efectiva.

En canto á posible existencia dun interéss superior que xustifique o acceso a pesar de incurrir a petición na limitación la letra f) do artigo 14 da Lei 19/2013 cómpre decir que considerando a singularidade desta causa de limitación de acceso non acadamos a vislumbrar a existencia deste interéss superior habida conta do procedemento de licitación e da publicación das adxudicacións dos contratos menores.

Xa que logo, conforme á proposta de resolución do xefe da S^a. Xeral- Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, segundo a cal non procede conceder o acceso á información pedida; esta Presidencia de Portos de Galicia, en canto órgano competente dita a seguinte

III.- RESOLUCIÓN:

Acordo denegar o acceso á información das memorias xustificativas das contratacóns realizadas por Portos de Galicia nos anos 2015 e 2016 á

4

Contra desta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Tal é a nosa opinión agás outra mellor fundada en Dereito.

Santiago de Compostela a 03 FEB. 2017

O PRESIDENTE

José Juan Durán Hermida
CONSELLERÍA DO MAR